

MARIA BY CALLAS

[Tom Volf, 2017]

377

ESTREA EN NUMAX: 11.05.2018 | V.O.S.G. | TP

Maria by Callas (2017, 113')

Dirección: Tom Volf

Guión: Tom Volf

Participación: Maria Callas, Vittorio De Sica, Aristóteles Onassis, Pier Paolo Pasolini, Omar Sharif, Luchino Visconti

Son: François Fayard, Jean-Guy Veran

Montaxe: Janice Jones

Música: Jean-Guy Veran

Fotografía: Janice Jones

Produtoras: Elephant Doc, Petit Dragon, Unbeldi Productions, France 3 Cinéma, Ciné+, France télévisions (Francia)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés, francés, italiano

«Todo un festín para devotos, capaz de seducir a profanos»

Jordi Costa, FOTOGRAMAS ★★ ★★

SINOPSE

Íntimo retrato da vida e o traballo da cantante de ópera Maria Callas. Con testemuños da propia Callas, Onassis, Marilyn Monroe, Alain Delon, Yves Saint-Lauren, John Fitzgerald Kennedy, Luchino Visconti, Winston Churchill, Grace Kelly, Liz Taylor e outras personalidades que coñeceron a diva.

Filme subtitulado ao galego por NUMAX grazas á colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia



“No filme Maria conta a historia de Callas e Callas a de Maria”

Entrevista con Tom Volf

Cal é a xénese de *Maria By Callas*? Hai catro anos eu non sabía quen era Maria Callas. Descubrina por casualidade. Naquela época vivía en Nova York e viña de asistir a unha representación de *María Stuarda* de Donizetti. Non sabía nada de lírica, pero esa ópera deume ganas de escoitar máis. Ao volver a casa busquei en internet para atopar outras interpretacións de Donizetti e saíu a da Callas. O impacto foi tan violento que pasei toda a noite escoitando todo o seu repertorio. Lin case todo o que se tiña escrito sobre ela e entrevisteime con xente que a tiña coñecido. A miña primeira intuición foi devolver a palabra á Callas e colocala como protagonista absoluta da historia da súa vida, unha lenda está chea de falsidades. Como legado quedou a imaxe dunha diva caprichosa. É algo ridículo. Case sempre, o seu temperamento impetuoso pon de manifesto a esixencia e a perfección dun traballo preciso e riguroso.

O teu filme combina un material impresionante, películas inéditas, imaxes nunca vistas. Como conseguiches reunir todo iso? Unha

auténtica busca do tesouro, e tamén algo de sorte, lograron reunir testemuños e material inédito. Entrevistei a uns trinta parentes, incluíndo a Nadia Standoff, a xefa de prensa de Pier Paolo Pasolini, que se converteu na súa amiga durante a rodaxe de *Medea* (1969); Franco Zeffirelli, que era axudante de Visconti cando este dirixiu a Maria; George Prêtre, o director de orquestra que tamén a dirixiu e con quen lle encantaba traballar; Robert Sutherland, o pianista que a acompañou na súa xira, etc.

En canda un dos encontros impúxose o lado humano. Cando me contaban unha anécdota, un recordo, a emoción sempre estaba alí. Asumo a parte de verdade subxectiva, a narración, a evocación. Lembro cando Robert Sutherland me contaba un ensaio dela. A emoción era tan tanxíbel, tan vibrante, que puíden comprobar até que punto Callas tiña un aura e como esta seguía a irradiar. Nas conversas que tiven, case todos abrían os caixóns e sacaban fotos persoais, cartas de Maria, películas de Super8 realizadas durante unha tarde entre amigos, gravacións... Volvín ver todo isto un ano e medio despois e decateime de que o material era inédito e moi valioso. Na maioría deles Maria contaba a súa propia historia. Foi a partir de entón cando empecei a pensar que era posíbel facer un filme. Un filme no que Maria conta a historia de Callas e Callas a de Maria. En directo. E todas as testemuñas que filmei animáronme e acompañáronme neste proxecto. Desde entón traballei como se busca a precisión na música. Lino todo,

vino todo, reuníme cos biógrafos... e despois tomei distancia.

Quixeches que os momentos cantados estivesen completos... É unha das regras que me impuxen. Quería que houbera un espazo para a voz de Callas cantando e para a voz falada de Maria, para que ambas coexistisen. Prefería que non cantara demasiadas arias porque non se trataba de establecer unha discografía filmada da Callas, senón que se visen arias relacionadas cos intres máis destacados da súa vida, como se foran unha metáfora. *Casta Diva* pola súa chegada a París en 1958, *La Habanera* no intre da súa historia con Onassis e cando remata a relación, *La Sonnambula: Pourquoi t'es-tu fanée si vite toi rose qui n'a duré qu'un jour comme l'amour*. Ademais, quixen traducir as letras das óperas porque evocan o seu estado de ánimo cando as canta. Maria mesma di: «Se me escoitan, nas miñas interpretacións, coñeceranme totalmente». E pareceume importante que todo o mundo entendese o que canta.

Dirías que era divina? Tivo ese alcume durante moito tempo porque é certo que tiña algo da orde do divino. Por suposto que só era humana, pero na súa arte había maxia, algo que vai alén da perfección puramente vocal.

Publicado en <http://www.caramelfilms.es/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Maria Callas: El adiós a la diva,
Fernando Fraga Suárez. Fórcola, 2017

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Jean-Pierre L aud
Pauline Etienne

O le n dorme esta noite

UN FILME DE NOBUHIRO SUWA
co protagonista d' O 400 golpes

«Un conto fant stico totalmente inesperado»
Jean-Fran ois Rauger — LE MONDE

«Jean-Pierre L aud emociona dende o primeiro momento»
Daniel de Partzarroyo — CINEMANIA

«O mellor filme do Festival de San Sebast n»
CAIM N CUADERNOS DE CINE

Estrea en cines 27 DE ABRIL

distribucion.numax.org/leon

COORDINADOR: Nobuhiro Suwa (LEON) - JEAN-PIERRE L AUD, PAULINE ETIENNE, MAUD WYLER, ARTHUR HARARI, ISABELLE WEINGARTEN, NO  SAMPY, JEAN-LOUIS BERARD, FRANCOISE MICHAUD, LOUIS-DO DE LENCPESANG, JULES LANGLADE (LEON) - NOBUHIRO SUWA, DIRECTOR DE FICHAJE EN MINEUR (LE) - JEAN-PIERRE L AUD, DIRECTOR DE DISTRIBUCI N: TOM HARARI (LE) - FLORENT KLOCKENBRING, EMMANUEL CROSET (LEON) - THOMAS GR ZAUD, ASISTENTE DE DIRECCI N: IN S DE LA BEVI RE (LEON) - MARTIAL SALOMON (LEON) - OLIVIER MARGUERIT (LEON) - COORDINADOR DE DISTRIBUCI N: YUJI SADAI, COORDINADOR DE DISTRIBUCI N: Centre National de la Cin matographie et de l'Image Anim e (LEON) - R GION PROVENCE-ALPES-C TE D'AZUR, (LE) - D PARTEMENT DES ALPES-MARITIMES (LE) - COORDINADOR DE CNC (LE) - AGENCY FOR CULTURAL AFFAIRS DO GOVERNO DE XAP N (LEON) - COORDINADOR DE DISTRIBUCI N: FILM-IN-EVOLUTION, LES PRODUCTIONS BALTHAZAR, BITTERS END (LEON) - DISTRIBUCI N PARA GALICIA: NUMAX DISTRIBUCI N

EUROPA CINEMAS | DEPARTAMENT DE CULTURA DE GALICIA | CNC | DA | BALTHAZAR | BITTERS END | NUMAX